

**DOCUMENTO DISTRIBUÍDO POLO**

**CENTRO DE DOCUMENTACIÓN**

**SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA**

Léxico	No texto das <i>Normas</i> os substantivos <i>vocal</i> e <i>estudio</i> pasan a <i>vogal</i> e <i>estudo</i> , e o verbo <i>estudiar</i> pasa a <i>estudar</i> .
Introducción 4.3.	Elimínase a parte final do parágrafo: “que non debe sacrificá-las súas características propias e relevantes en beneficio das dunha lingua irmá, pero diferente”.
1. O alfabeto	O nome da letra <q> pasa a ser <i>que</i> . O nome dos dígrafos <ch>, <ll> e <qu> pasa a denominarse respectivamente <i>ce hache</i> , <i>ele dobre</i> e <i>que u</i> .
1.9.	Elimínase o último parágrafo da explicación, por consideralo alleo ás normas do galego: “O fenómeno é paralelo ó do castelán... <i>eje, dijo</i> , etc.)”
2. A acentuación 2.5. Acentuación de i, u en hiato  2.7.4. Outros casos	Engádesse a seguinte aclaración: “Para os efectos de indicar que non forman ditongo coa anterior, as vocais <i>i, u</i> tónicas non se acentúan graficamente cando entre ambas aparece o grafema <i>h</i> : <i>prohibo</i> ”  Limítase a acentuación de interrogativos que introducen interrogativas indirectas a aqueles casos en que é necesaria para evitar anfiboloxías.
3. O guión	Suprímese o epígrafe 3.2 ( <i>o guión co alomorfo lo(s), la(s)</i> ). O seu contido trasládase en forma resumida para o capítulo 13.1.1. (o artigo)
6. Os signos de interrogación e admiración	O seu emprego é obrigatorio ao final do enunciado e recomendado ao seu inicio para evitar ambigüidades e facer máis doada a lectura.
6. O apóstrofo	Introduciuse un novo epígrafe 6, dedicado ao apóstrofo, que permite a súa utilización para a reprodución da prosodia oral, ou para respectar títulos de obras ou cabeceiras de publicacións.

<p>7. Grupos consonánticos</p> <p>7.2. Grupos <i>bc...</i></p> <p>7.4 Grupos <i>-ct-</i> e <i>-cc-</i></p> <p>7.18. Algunhas observacións sobre a pronuncia dos grupos cultos.</p>	<p>Engádese no título do epígrafe o grupo <i>bm</i></p> <p>Suprímese a primeira consoante cando precede as vogais <i>i</i> e <i>u</i> (<i>condución, conflito...</i>). Con todo, mantense nalgúns tecnicismos e palabras cultas de escasa frecuencia (<i>deíctico, dúctil...</i>). A consoante implosiva vocaliza en <i>i</i> nos casos de <i>reitor</i> (<i>reitorado, reitoral, reitoría</i>) e <i>seita</i> (pero <i>sectario, sectarismo</i>).</p> <p>Introdúcese un novo epígrafe 8.18. sobre a pronunciación dos grupos cultos, prescribindo o timbre aberto das vogais <i>e, o</i> cando preceden un destes grupos, e condenando realizacións do tipo [´aθto], [aʔnɔstiko], etc.</p>
<p>8. Sufixos e terminacións</p> <p>8.1. <i>-ancia, -encia...</i></p>	<p>Mantense <i>Galicia</i> como “voz lexítima galega, denominación oficial do país e forma maioritaria na expresión oral e escrita moderna”. <i>Galiza</i> considérase tamén unha foma lexitimamente galega, amplamente documentada na época medieval, que foi recuperada no galego contemporáneo. Amplíase a relación de voces con <i>-zo, -za</i>: <i>diferenza, espazo, estanza</i> (“estrofa”), <i>graza, licenza, nacemento, novizo, perseveranza, presenza, querenza, sentenza, servizo e terzo</i>.</p>
<p>8.7. <i>-ble</i></p>	<p>Considéranse admisibles tanto <i>-ble</i> como <i>-bel</i> e, en consecuencia, admítense tamén as formas duplas do tipo <i>establecer</i> ou <i>estebelecer</i>. No texto das <i>Normas</i> emprégase <i>-ble</i>,</p>
<p>8.8. <i>-eo, -eu</i> e <i>-ao, -au</i></p>	<p>Engádense <i>chapeu, romeu</i> e <i>xubileu</i> á relación de palabras en <i>-eu</i>.</p> <p>Engádense <i>bacallau</i> e <i>pau</i> á relación de palabras en <i>-au</i>.</p>
<p>8.11. <i>-us, -um</i></p>	<p>Engádense <i>ímpeto</i> e <i>tribo</i> á relación de palabras en <i>-o</i>.</p>
<p>8.14. <i>-án / -á, -ano / -ana</i></p> <p>8.15. <i>-án / -ana</i></p>	<p>Acomódase ao esquema <i>-án / -á</i> as seguintes formas: <i>afgán, alazán, alemán, barregán, bosquimán, capitán, catalán, ermitán, escribán, gardián, musulmán, rufián, sancristán, sultán</i> e <i>truán</i>.</p> <p>Admítense as variantes locais <i>-ao / -á</i> e <i>-án / -án</i> nos xentilicios correspondentes (<i>burelao / burelá, muradán / muradán...</i>). A terminación <i>-án / -ana</i> queda así reservada para caracterizadores pexorativos (<i>bocalán...</i>).</p>
<p>8.16. <i>-on / -oa, -ona</i></p>	<p>O esquema <i>-ón / -ona</i> queda reservado para formacións aumentativas (<i>homón, mullerona...</i>) e para deverbais pexorativos (<i>abusón, abusona...</i>). Nos demais casos, <i>ón / -oa</i> (<i>anfitrión / anfitríoa, león / leoa...</i>).</p>
<p>8.18. <i>-dade, -tade</i></p>	<p>Incorpórase <i>puberdade</i> ó grupo en <i>-dade</i>.</p>
<p>8.20. <i>-aría / -ería</i></p>	<p>Dáselle preferencia á solución tradicional <i>-aría</i> (a non ser en certos galicismos), aínda que se admite tamén a solución <i>-ería</i>.</p>
<p>9.5. Vacilacións no vocalismo átono</p>	<p>Elimínase todo o apartado.</p>

9.7. <i>Novo: Encontros vocálicos</i>	Co epígrafe 10.6. do texto novo, introdúcense unha serie de recomendacións sobre a pronunciación dos encontros vocálicos nas palabras que acaban en <i>-e</i> cando van seguidas doutra que comeza por vogal.
13. O artigo 13.1. O artigo determinado	O alomorfo <i>-lo</i> pasa a ser de uso obrigatorio só despois da preposición <i>por</i> e do adverbio <i>u</i> . Nos demais casos a súa representación é facultativa. No texto das <i>Normas</i> só se emprega nos casos en que é obrigado. Insítese en que, mesmo que non se represente graficamente, a única pronunciación recomendable é a que reproduce os alomorfos <i>-lo(s)</i> , <i>-la(s)</i> nos contextos sinalados.
13.1.2. Contraccións  13.1.2.2. Contraccións coa conxunción comparativa <i>ca</i>	O encontro da preposición <i>a</i> co artigo <i>o</i> pódese representar graficamente como <i>ao</i> ou <i>ó</i> . O texto nas <i>Normas</i> escríbese con <i>ao</i> .  Admítese a dobre representación para o encontro da conxunción comparativa <i>ca</i> co artigo determinado: <i>ca o</i> ou <i>có</i> , <i>ca a</i> ou <i>cá</i> .
14. Pronomes 14.3. Demostrativos	Elimínanse <i>esto</i> , <i>eso</i> e <i>aquelo</i> como formas neutras.
14.5. Relativos...	Admítese tamén o relativo posesivo <i>cuxo</i> , con flexión de xénero e número.
15. Numerais 15.1. Cardinais	Deglutínanse os numerais entre <i>vinte</i> e <i>trinta</i> : <i>vinte e un</i> , <i>vinte e dous</i> , <i>vinte e dúas</i> ...
15.3. Multiplicativos	Elimínanse <i>triple</i> e <i>cuádruple</i> .
16. Verbo 16.1. Paradigmas regulares	Prescríbese a acentuación proparoxítona na P4 e P5 dos pretéritos de subxuntivo ( <i>andásemos</i> , <i>andásedes</i> ...)
16.3.13. Oír / ouvir	Admítese <i>ouvir</i> ao lado de <i>oír</i> .
17. Adverbios e locucións adverbiais 17.1. De lugar	Engádense á lista <i>alén</i> e <i>aquén</i> .
17.2. De tempo	Aglutínanse <i>acotío</i> , <i>decontado</i> , <i>decontino</i> , <i>decotío</i> , <i>deseguida</i> , <i>deseguido</i> , <i>enseguida</i> . Elimínase <i>entonces</i> .
17.3. De cantidade e precisión	Aglutínase a locución <i>apenas</i> . Elimínase <i>alomenos</i> .
17.4. De modo	Aglutínase a locución <i>amodo</i> e <i>devagar</i>
17.7. De dúbida	Aglutínase a locución <i>talvez</i> .
18. Preposicións e locucións prepositivas	Engádense <i>a respecto de</i> , <i>alén de</i> , <i>após</i> , <i>aquén de</i> , <i>até</i> , <i>canto a</i> .
19. Conxuncións e locucións conxuntivas 19.3. Adversativas	Elimínanse <i>anque</i> , <i>nembargantes</i> , <i>sen embargo</i> .  Engádense <i>no entanto</i> , <i>porén</i> .
19.4. Concesivas	Elimínase <i>anque</i> .
19.7. Consecutivas	Elimínase <i>entonces</i> .
19.10. Temporais	Aglutínanse <i>apenas</i> , <i>decontado que</i> , <i>deseguida que</i> . Engádense <i>até que</i> .

Nota: os epígrafes corresponden ó texto da edición das *Normas* do ano 1995.